

PATRIMONIO E SOCIEDADE

RECUPERACIÓN DO PATRIMONIO: A ERMIDA DE SANTA COMBA

Texto: Rosa Méndez Fonte

Especialista en Patrimonio
Doutora en Humanidades



O interese dun amplo sector da sociedade polos bens patrimoniais, xunto coa súa recuperación e conservación, son feitos que comezaron a callar na nosa comarca a mediados dos anos oitenta. Dun modo cáseque inconsciente, os cidadáns iniciaron o camiño dun proceso de especial atención ó ámbito patrimonial, ampliando o conxunto de bens que, ata entón, parecían conformar a nosa única herdanza cultural.

Este interese polo patrimonio levou consigo —aínda que non sempre de modo consciente— a arela de conservar ou recuperar aqueles elementos que, dalgún modo, actúan como diferenciadores dunha comunidade con respecto a outras. É dicir, estaríamos no terreo onde o reforzamento da identidade cobra un lugar preponderante; estando este, ás veces, por riba dos propios bens patrimoniais. En Ferrol, teríamos un claro exemplo de todo isto na restauración da ermida de Santa Comba, impulsada e levada a cabo por un sector de veciños de Covas, integrado na Asociación Columba que preside José López Hermida.

O proceso de recuperación do edificio deu comezo en setembro de 1998. Naquel momento levouse a cabo unha primeira fase dos traballos, consistente na reposición da cuberta do presbiterio, coa súa correspondente armadura de madeira



e cubrición de tella curva. Posteriormente, nunha segunda fase, realizouse a cuberta (de semellantes características) do corpo pertencente á nave, xunto co rexuntado do paramento exterior da capela. Por último, nunha terceira fase, os traballos centráronse na limpeza dos muros interiores, eliminando nestes os antigos revocados de cal.

Na actualidade, está en proxecto o enlucido dos muros pola súa cara interior, o solado e a realización dunha cata arqueolóxica.

O conxunto de todas estas tarefas teñen un primeiro mérito: o feito de que fosen impulsadas e realizadas a través do esforzo dos propios veciños da zona, e simpatizantes, agrupados na Asociación Cultural Columba, que serviu de canle dinamizadora das súas inxerencias. Un segundo mérito sería a dificultade engadida de estar a ermida situada nun promontorio ó que só pode accederse cando a marea está baixa. Deste xeito, as horas do día que permiten o traslado do material á ermida determinan o tempo dos traballos e a dificultade dos mesmos. É tamén de rigor engadir a todo isto o apoio que presta ó proxecto a Diocese Mondoñedo-Ferrol, a Deputación Provincial de A Coruña e o Concello de Ferrol.

Mais a importancia da recuperación e restauración da ermida non pode centrarse, unicamente, na conservación dun edificio histórico. Po-

la contra, a maior relevancia está no feito de que fose un grupo de veciños os que a impulsaran e se puxeran á fronte dela, actitude e compromiso que han ser entendidos dende un sentido de responsabilidade no eido patrimonial e unha fonda implicación cívica.

Tendo en conta o seu esforzo, e a cantidade de horas adicadas, o feito da restauración revela o grande interese que ti-

“O máis relevante é que foron os propios veciños quen impulsaron e levaron a cabo os traballos de restauración”

ñan por ese edificio, á marxe dos seus valores artísticos e relixiosos. É, pois, en relación con esta fonda carga humana de esforzo e inquietude, e a partires do eido da recuperación dun ben cultural, como pode entenderse, primariamente, o fundamental significado que transmite a imaxe actual do templo, cargada xa, por outra banda, dun novo carácter patrimonial no eido arquitectónico que se haberá de ir asentando a partires deste tempo presente.

Por último, hai que suliñar tamén o interese que parte da asociación en canto á recuperación documental do proceso histórico da ermida, a través do impulso de traballos de investigación que, lentamente, se van sumando na revista Columba. Un proxecto, pois, digno de ser tido en conta e exemplo a imitar noutros moitos lugares, sen dúbida:

Arriba, imaxe da ermida antes da súa restauración. Abaixo, Santa Comba no ano 2003

